

ISAAC DÍAZ PARDO

Republicano de Honra 2011

Isaac Díaz Pardo é unha das persoas máis emblemáticas e xenerosas da cultura galega. Naceu en Santiago en 1920. No taller do seu pai, Camilo Díaz Baliño (escenógrafo, pintor e membro das Irmandades da Fala), coñeceu a persoas de relevancia como Castelao, Ramón Cabanillas, Otero Pedrayo ou Antón Villar Ponte. Cando tiña 16 anos o seu pai é fusilado polos fascistas; tivo que fuxir e agacharse na casa do seu tío Indalecio na Coruña. Este trágico episodio -que marcaría de xeito decisivo a súa vida e deixaría unha forte pegada na súa obra plástica- truncou as súas esperanzas de realizar os estudos de arquitectura.

Despois do triunfo do levantamento militar e fascista de 1936 matriculouse na Academia de Belas Artes de San Fernando, realizando posteriormente exitosas exposicións en Vigo, Madrid, Barcelona e Londres. Cando en 1948 decide abandonar o traballo como pintor e comezar a súa etapa de ceramista, crea a xa mítica planta industrial no Castro de Samoedo, converténdose no máis importante embaixador estético de Galiza no mundo.

Trasládase en 1955 a Buenos Aires onde desenvolve unha intensa actividade cultural: escribe poemas, artigos, ensaios e mesmo algún texto dramático. En Arxentina, xunto con Luis Seoane e algúns destacados galeguistas, soñou e fixo realidade o Laboratorio de Formas, precursor doutras industrias culturais como a restauración das Cerámicas Sargadelos, o Museo Carlos Maside, o Seminario de Estudos Galegos, o laboratorio de Industria e Comunicación, así como Edicións do Castro, unha editorial que contribuíu de xeito determinante o coñecemento da historia recente de Galiza, nuns momentos en que todo era silencio ou manipulación.

Isaac Díaz Pardo recibiu numerosas distincións: Pedrón de Ouro (1976), Medalla de Ouro e Fillo Predilecto de Santiago de Compostela, Premio Otero Pedrayo (1990), Doctor Honoris Causa pola USC, Veira de Prata do Padreado da Cultura Galega de Montevideo (1995), Premio Jiménez de Asúa de Derechos y Libertades (1999), Premio Ramón Piñeiro de Lánca (2002), Premio das Letras e das Artes de Galicia (2003). Na actualidade, e fiel o seu compromiso antifascista e republicano, é Presidente de Honra da Fundación contra a Impunidade dos Crimes Franquistas.



Isaac Díaz Pardo

ORGANIZA



COLABORAN



**ANIVERSARIO
DA PROCLAMACIÓN DA
II REPÚBLICA
(1931-2011)**

ACTOS

Martes

29
marzo

Ás **20 horas**, na Casa Museo Casares Quiroga (rúa Panadeiras da Coruña)

Presentación do libro de Dionisio Pereira *Loita de clases e represión franquista no mar (1864-1939)*

Mércoles

6
abril

Ás **20 horas**, na Fundación Caixa Galicia, no Cantón Grande da Coruña
Homenaxe a Isaac Díaz Pardo, coas intervencións de Manuel Rivas, Xosé Ramón Fandiño e Francisco Pillado.

Sábado

9
abril

Ás **19,30** no Memorial da avenida de Navarra da Coruña

Acto de lembranza das vítimas da represión franquista

Sábado

9
abril

Ás **21 horas**, no hotel Meliá María Pita (na praia do Matadoiro da Coruña)

Cea da República coas actuacións musicais de Miro Casabella e Mini e Mero, de *A Quenlla*. Entrega a Isaac Díaz Pardo da distinción *Republicano de Honra 2011*.

Inscripcións para asistir á cea, antes do 7 de abril, no teléfono: 645029338.
Ingreso de 21 euros na conta de Caja España 2096 0489 11 3275331004

Venres

29
abril

Ás **19,45 horas**, no *Kiosco Alfonso*

Presentación da publicación *Vivas en nós. Mulleres represaliadas polo franquismo na Coruña a raíz de 1936*, coa participación dos autores: Carmen Blanco e Claudio Rodríguez Fer (nº 1 da colección *Cadernos Republicanos*).

80º ANIVERSARIO DA PROCLAMACIÓN DA II REPÚBLICA

A Coruña é unha cidade cunha forte tradición republicana. A chegada da República, despois das eleccións municipais de 12 de abril de 1931, foi saudada con entusiasmo popular e desde o balcón do palacio municipal de María Pita foi proclamada o 14 de abril. Nas citadas eleccións os partidos republicanos tiveron 35 concelleiros na cidade da Coruña, 3 os monárquicos e 2 os liberais.

Durante a II República realizáronse por primeira vez transformacións extraordinarias, que levaron á democratización e á modernización do Estado: dereitos políticos da muller, reforma escolar, laicidade do Estado, estatutos de autonomía, etc.

Despois do chamado Bienio Negro, cun goberno da dereita, nas eleccións do 16 de febreiro de 1936 as forzas progresistas, agrupadas na Fronte Popular tiveron 12 deputados na provincia da Coruña, 3 a dereita (CEDA) e 2 independentes: Izquierda Republicana (6 deputados), Unión Republicana (2), PSOE (2), Partido Galeguista (2).

O 28 de xullo de 1936 aprobábase en referendun o Estatuto de Autonomía de Galicia. Cando os deputados galegos, entre eles Castelao, estaban en Madrid entregando nas Cortes o citado Estatuto, a sublevación fascista do 18 de xullo de 1936 contra a orde constitucional da II República acababa coa democracia e tivemos durante corenta anos unha "longa noite de pedra", en palabras de Celso Emilio Ferreiro, con 5.000 persoas asasinadas en Galicia pola represión franquista (600 nos dez concellos da comarca da Coruña).

A celebración do 14 de abril debe unir a todas as persoas demócratas, independentemente da súa ideoloxía, e é unha boa ocasión para reivindicar os valores republicanos: unha sociedade laica, igualitaria, xusta e democrática.

VIVA A REPÚBLICA!

